



# BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 31

VII lexislatura

19 de outubro de 2005

## SUMARIO

### 8. Administración do Parlamento de Galicia

#### 8.1. Organización e normas de funcionamento dos servizos

-Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 13 de outubro de 2005, polo que se modifica o Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia 1274

#### 8.3.4. Axudas e bolsas

-Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 13 de outubro de 2005, polo que se anuncia a convocatoria de bolsas para a realización de estudos de posgrao en calquera das universidades e centros superiores de investigación de países da Unión Europea nas áreas de socioloxía, ciencias políticas, dereito e ciencias da información, para o curso académico 2005-2006 ou 2006-2007 1274

## 8. Administración do Parlamento de Galicia

### 8.1. Organización e normas de funcionamento dos servizos

**Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 13 de outubro de 2005, polo que se modifica o Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia**

O recente proceso de modernización da Administración parlamentaria, na procura da mellora do funcionamento dos servizos da Cámara que desenvolven as funcións de apoio aos deputados, leva de seu certos cambios nos procesos administrativos e nas estruturas que os sustentan.

En concreto un aspecto que tradicionalmente tiña un alcance meramente instrumental e de colaboración material na función parlamentaria como era a telefonía, ten adquirido una nova dimensión coa informatización das convocatorias dos órganos parlamentarios e co plan de progresiva implantación da sinatura electrónica na Cámara.

Xa que logo, a Mesa, na súa reunión do 13 de outubro de 2005, dispón:

#### Artigo único. Servizo de Tecnoloxías da Información

Engádesele unha nova letra j) ao apartado 1 do artigo 9 do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia que queda redactada da seguinte maneira:

«j) A xestión e operación de todas as redes de comunicación do Parlamento, telefónicas, de datos e calquera outra que se poida crear».

Disposición derogatoria única.– Supresión da letra i) do artigo 31

Queda derogado o precepto contido na letra i) do artigo 31 do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia.

Disposición derradeira única.– Entrada en vigor

Esta norma entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2005

Dolores Villarino Santiago  
Presidenta

#### 8.3.4. Axudas e bolsas

**Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 13 de outubro de 2005, polo que se anuncia a convocatoria de bolsas para a realización de estudos de posgrao en calquera das universidades e centros superiores de investigación de países da Unión Europea nas áreas de socioloxía, ciencias políticas, dereito e ciencias da información, para o curso académico 2005-2006 ou 2006-2007**

A Mesa do Parlamento de Galicia, na súa reunión do día 13 de outubro de 2005, acordou a convocatoria de bolsas para a realización de estudos de posgrao en calquera das universidades e centros superiores de investigación de países da Unión Europea nas áreas de socioloxía, ciencias políticas, dereito e ciencias da información, para o curso académico 2005-2006 ou 2006-2007, e aprobar as bases que regulan a súa concesión.

#### Bases da convocatoria

##### Primeira.- Obxecto

Convocar ata un máximo de cinco bolsas para a realización de estudos de posgrao (máster, doutoramento ou investigación de posdoutoramento) en calquera das universidades e centros superiores de investigación de países da Unión Europea, para o curso académico 2005-2006 ou 2006-2007, nas áreas de socioloxía, ciencias políticas, dereito e ciencias da información.

##### Segunda.- Dotación económica

O importe total deste programa ascende á cantidade de 30.000 euros e o seu financiamento realizarase con cargo á partida orzamentaria 01.01.111B.482, “Bolsas, axudas, bolsas e doazóns”, do Parlamento de Galicia, de acordo co disposto nos orzamentos da Cámara.

#### Terceira.- Características das bolsas

1. Cada unha das bolsas terá unha duración mínima de tres meses e máxima dun ano, e rematará, en todo caso, antes do 31 de decembro do 2007.

2. A contía máxima total bruta de cada unha das bolsas será de 6.000 euros. A contía definitiva, que lle será comunicada á persoa beneficiaria no momento da concesión da bolsa, será fixada pola Mesa do Parlamento, por proposta da comisión avaliadora designada para o efecto, en función do país onde estea radicado o centro de estudos e da duración do curso, así como dos gastos de matrícula determinados na solicitude.

3. O aboamento da bolsa efectuarase en dous pagamentos, ao inicio e ao remate da estancia se a duración da bolsa é de máis de seis meses, e nun pagamento, ao inicio do curso, se a duración é menor a seis meses.

4. Durante o tempo de duración da bolsa todas as persoas bolseiras serán beneficiarias dunha póliza de enfermidade e accidente e doutra de responsabilidade civil, subscritas polo Parlamento de Galicia.

5. A posesión dunha bolsa ao amparo deste programa é compatible con calquera outra axuda pública ou privada.

#### Cuarta.- Concesión das bolsas

1. As bolsas concederánse a Mesa do Parlamento de Galicia, por proposta dunha comisión de avaliación integrada pola presidenta do Parlamento ou persoa en quen delegue, a vice-presidenta primeira e o vicepresidente segundo da Mesa, un membro dos Servizos Económicos e o oficial maior, que actuará como secretario. Das deliberacións e dos acordos da comisión de avaliación levantarase acta coa sinatura do secretario e o visto e prace da presidenta.

2. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a comisión avaliadora reunirase para examinalas e elevarlle a proposta á Mesa do Parlamento antes do 1 de decembro do 2005.

#### Quinta.- Criterios de selección

1. A proposta de adxudicación das bolsas farase con base no resultado dun concurso de méritos no que se atenderá pri-mordialmente a:

a) O expediente académico da persoa que solicita (máximo 25 puntos).

As puntuacións, segundo as cualificacións das disciplinas, que se utilizarán para o cálculo da media serán as seguintes:

Por cada matrícula de honor	4 puntos.
Por cada sobresaínte (de 9 a 10)	3 puntos.
Por cada notable (de 7 a 8,99)	2 puntos.
Por cada aprobado (de 5 a 6,99)	1 punto.

b) Outros méritos vinculados ao obxecto da bolsa incluídos no *curriculum vitae* (máximo 10 puntos).

c) O curso e o centro elixidos. Considerarase a adecuación do perfil aos estudos da persoa solicitante, así como o prestixio do curso e do centro (máximo 35 puntos).

d) A adecuación do curso ás áreas de estudos sinaladas na base primeira desta convocatoria (máximo 10 puntos).

e) As circunstancias económicas acreditadas da persoa soli-citante no caso de que sexa independente ou da unidade familiar se convive con outros membros da familia (máximo 20 puntos).

De consideralo oportuno, a comisión avaliadora poderá reali-zar consultas externas con especialistas para a valoración do concurso de méritos.

2. A Mesa ordenará a publicación da concesión das bol-sas, ou da declaración de deserta dalgunha delas ou da súa totalidade, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Contra este acordo as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición ante a Mesa do Parla-mento, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación. As persoas seleccionadas poderán renunciar á bolsa no prazo de dez días seguintes ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do acordo da Mesa, e de non o facer considerarase que aceptan a bolsa.

3. As bolsas vacantes existentes por incumprimento do establecido nas bases desta convocatoria, así como por renuncias que se producisen, poderán ser outorgadas por acordo da Mesa, por proposta da comisión avaliadora, ás persoas solicitantes que, sen seren excluídas, non obtivesen bolsa e que pola puntuación acadada figuren no lugar inmediato ao da última bolsa concedida. Para tal fin a comisión de avaliação establecerá unha lista adecuada de persoas que solicitan as bolsas e que non resultan adxudicatarias.

#### Sexta.- Requisitos xerais

Para optar a estas bolsas será necesario reunir os requisitos seguintes:

- a) Ser cidadán da Unión Europea e residente en Galicia.
- b) Estar empadroad o nun concello galego no momento de presentar a solicitude e con antigüidade, polo menos, desde o 1 de xaneiro de 2005. Admitiranse, non obstante, aquelas solicitudes de persoas que, aínda estando anteriormente empadroadas en Galicia, non cumpran o requisito de antigüidade esixido por motivos de realización de estudos superiores ou traballos de investigación fóra da Comunidade Autónoma.
- c ) Ser menor de trinta anos.
- d) Estar en posesión, de acordo co Real decreto 1496/1987, do 6 de novembro, sobre obtención, expedición e homologación de títulos universitarios, do título de licenciado, nas áreas de estudio de socioloxía, ciencias políticas, dereito e ciencias da información, e que rematasen os estudos para obter o dito título en xuño de 2000 ou en data posterior.

No suposto de que o solicitante agarde acadar as condicións anteriores de titulación para o mes de xullo de 2006, aceptarase a solicitude, que poderá ser avaliada con carácter provisional. A posible concesión da bolsa quedará supeditada a que a persoa solicitante confirme documentalmente que rematou os seus estudos para o mes de xullo de 2006, e a que lle remita a documentación académica pertinente ao Parlamento de Galicia con data límite ata o 20 de setembro de 2006. En calquera caso, a persoa seleccionada estará obrigada a presentar a certificación académica orixinal ou compulsada antes de iniciar o gozo da bolsa.

Os títulos obtidos en centros españoles non públicos deberán estar homologados, no momento de presentar a solicitude, para o cal se deberá achegar a documentación que así o acredite (certificado do Ministerio de Educación e Ciencia -MEC-).

e) Posuir un bo nivel do idioma –falado e escrito– do país de destino, que deberá ser acreditado mediante certificado de centros oficiais ou de calquera outro medio fidedigno.

#### Sétima.- Formalización das solicitudes

1. As solicitudes, segundo modelo normalizado do anexo I, deberán de ir acompañadas da seguinte documentación:

- a) Copia do DNI/NIF da persoa solicitante ou o seu equivalente no caso de cidadáns da Unión Europea.
- b) Copia compulsada do título de licenciado, segundo a base sexta. d).
- c) Certificación académica oficial ou copia compulsada na que figuren as notas obtidas e as datas delas.

As persoas solicitantes que cursasen os estudos no estranxeiro presentarán a certificación académica acompañada da súa tradución, no caso de non estar estendida nalgún dos dous idiomas oficiais de Galicia. En todos os casos, a certificación indicará cales son as notas máxima e mínima dentro do sistema de avaliação correspondente; da mesma maneira, farase constar cal é a cualificación mínima necesaria para aprobar.

d) *Curriculum vitae* acompañado das correspondentes copias dos méritos que aleguen.

e) Memoria (máximo 2 páxinas) na que se describan os estudos que se van realizar, na que se indicarán cursos, programa, disciplinas, data de inicio e finalización, etc. Debe ir acompañada de documentación oficial (folletos, impresos publicados, etc.) do centro de estudio.

f) Documentación que acredite a preadmisión ou admisión no curso para o que se solicita a bolsa.

g) Estimación feita pola persoa que solicita dos gastos de matrícula xunto coa documentación oficial que a avale. Na

estimación dos gastos de matrícula únicamente se considerarán as taxas académicas, que, en caso de ser máis dunha, virán detalladas por conceptos e brevemente descritas.

h) Certificación que acredite estar empadroado na actualidade, e con antigüidade cando menos desde o 1 de xaneiro de 2005, nun concello da Comunidade Autónoma de Galicia. Quen por motivos de estudos superiores estivese actualmente empadroado noutra Comunidade deberá presentar certificación que acredite que estivo empadroado con anterioridade en Galicia, e certificación que acredite que está empadroado noutra Comunidade por razóns de estudos superiores.

i) Copia compulsada da declaración da renda correspondente ao exercicio de 2004, ou documento acreditativo actualizado da axencia tributaria de non estar suxeito á declaración ante a facenda pública.

l) Declaración xurada asinada pola persoa solicitante na que faga constar os ingresos percibidos durante o ano 2004 ou 2005 por todos os membros que componen a súa unidade familiar.

m) Declaración xurada de que o solicitante se compromete a devolverlle ao Parlamento de Galicia as cantidades percibidas no caso de non execución do obxecto da bolsa.

n) Documento facilitado pola entidade bancaria a nome da persoa interesada, no que conste o código de conta do cliente.

2. As instancias de solicitude e demais documentación, así como calquera outro tipo de correspondencia posterior, remitiranse ben directamente ou por calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, a:

Parlamento de Galicia  
Referencia: "Bolsas para estudios de posgrao"  
Rúa do Hórreto, s/n  
15072 Santiago de Compostela (A Coruña)

3. Os impresos normalizados para a formalización das solicitudes estarán á disposición das persoas interesadas na dirección de Internet: [www.parlamentodegalicia.es](http://www.parlamentodegalicia.es) e no Rexistro do Parlamento de Galicia (rúa do Hórreto, s/n,

15072 Santiago de Compostela-A Coruña) en horario de 9.30 a 14.00 e 16.30 a 18.30 de luns a venres, e de 10.00 a 13.00 os sábados.

4. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria das bolsas no *Diario Oficial de Galicia*. Os interesados poderán consultar as bases da convocatoria no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web do Parlamento de Galicia.

5. No caso de que a solicitude non reúna todos os requisitos, requirirase a persoa interesada para que nun prazo de dez días os repare, de acordo co exposto no artigo 71.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Oitava.- Obrigas das persoas beneficiarias

1. A aceptación da bolsa por parte da persoa beneficiaria implica a das normas establecidas nestas bases, así como das que o Parlamento de Galicia estableza de cara ao seguimento do rendemento das actividades académicas dos bolseiros ou bolselras.

2. A persoa beneficiaria deberá acreditar tanto o pagamento da matrícula coma a súa incorporación ao centro de estudos e remitiralle ao Parlamento de Galicia xustificante do aboamento efectuado e escrito do responsable do programa ou curso. Igualmente enviará os xustificantes de gasto da viaxe no prazo dun mes desde a finalización do curso para o que se lle concedeu a bolsa.

3. Non se admitirá cambio ningún de centro de estudos durante o período da bolsa.

4. Calquera alteración do curso elixido requirirá a autorización previa do Parlamento de Galicia. A solicitude de autorización será razoada e virá avalada polo responsable do curso ou polos posibles titulares que sexan asignados aos bolseiros ou bolselras.

Estes poderán remitir calquera información referente ao seu rendemento académico cando o xulguen oportuno ou cando o Parlamento de Galicia llelo requira.

5. A persoa beneficiaria deberá presentar no Parlamento de Galicia, no prazo dun mes desde o final do curso, unha breve memoria que recolla a totalidade da actividade académica desenvolvida e as cualificacións obtidas, avaladas polo responsable do programa ou polos titores.

6. No caso de non execución do obxecto da bolsa, a persoa beneficiaria comprométese a devolverlle ao Parlamento de Galicia as cantidades percibidas. Para tal fin asinará unha declaración xurada no momento de solicitar a bolsa, tal como se sinala na base séptima desta convocatoria.

7. A persoa beneficiaria estará, ademais, obrigada a facilitar canta información lle sexa requirida polos Servizos Económicos do Parlamento de Galicia, en exercicio das súas funcións de fiscalización do destino das axudas.

8. A adxudicación da bolsa non xera ningunha relación nin xurídica, nin civil nin laboral entre o Parlamento de Galicia e as persoas adxudicatarias da bolsa.

#### Novena.- Incumprimento das condicións

A constatación da existencia de ocultación, alteración ou manipulación de datos ou calquera suposto de incumprimento das condicións que motivaron a concesión da bolsa dará lugar, de conformidade co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, á obriga de reintegrarlle ao Parlamento de Galicia as cantidades percibidas máis os intereses legais que procedan, todo isto, sen prexuízo de incoación do correspondente expediente sancionador.

Este acordo entrará en vigor a partir do día seguinte da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2005

Dolores Villarino Santiago  
Presidenta

**BOLSAS PARA ESTUDOS DE POSGRAO**  
**EN UNIVERSIDADES E CENTROS SUPERIORES DE INVESTIGACIÓN DE PAÍSES DA UNIÓN EUROPEA,**  
**NAS ÁREAS DE SOCIOLOXÍA, CIENCIAS POLÍTICAS, DEREITO E CIENCIAS DA INFORMACIÓN**  
**CURSO ACADÉMICO 2005-2006 OU 2006-2007**

**ANEXO I**  
**MODELO DE SOLICITUDE**  
**EXCMA. SRA.:**

Don/Dona \_\_\_\_\_  
DNI/NIF: \_\_\_\_\_ Nacionalidade: \_\_\_\_\_ Data de nacemento: \_\_\_\_ / \_\_\_\_ /19 \_\_\_\_  
Domicilio na rúa: \_\_\_\_\_ C.P. \_\_\_\_\_ Localidade: \_\_\_\_\_ Provincia: \_\_\_\_\_  
Teléfono: \_\_\_\_\_ Fax: \_\_\_\_\_ e-mail: \_\_\_\_\_

**SOLICITA**

Que lle sexa concedida, conforme ao disposto na correspondente convocatoria, unha bolsa para estudos de posgrao en universidades e centros superiores de investigación de países da Unión Europea, nas áreas de socioloxía, ciencias políticas, dereito e ciencias da información.

Para isto achega, por esta orde, a seguinte documentación, ao abeiro da base séptima (rísquese o que proceda):

- |  |  |
|--|--|
| a)Copia do DNI/NIF ou equivalente  |  |
| b)Copia compulsada do título de licenciado   |  |
| c)Certificación académica oficial ou copia compulsada                                      |  |
| d)Curriculum vitae   |  |
| e)Memoria de estudos que se van realizar   |  |
| f)Documentación de preadmisión ou admisión no curso para o que se solicita a bolsa         |  |
| g)Estimación de gastos de matrícula  |  |
| h)Certificación de empadroamento   |  |
| i)Copia compulsada da declaración da renda   |  |
| j)Declaración xurada dos ingresos percibidos por todos os membros da unidade familiar      |  |
| k)Declaración xurada de compromiso de devolución das cantidades por non execución da bolsa |  |
| l)Documento da entidade bancaria co código da conta cliente                                |  |

Idiomas de interese (R= Regular; B= Ben; C= Correctamente)

Idioma	Fala			Le			Escribe			Certificación	Centro de estudios
	R	B	C	R	B	C	R	B	C		

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do 2005

Asdo.: \_\_\_\_\_

**EXCMA. SRA. PRESIDENTA DO PARLAMENTO DE GALICIA.**

## FOLLA 2

**DECLARACIÓN XURADA**

Don/Dona \_\_\_\_\_ DNI/NIF \_\_\_\_\_  
Domicilio na rúa \_\_\_\_\_ CP \_\_\_\_\_ Localidade \_\_\_\_\_  
Provincia \_\_\_\_\_

En cumprimento co establecido nas bases sétima.k) e oitava.6) da convocatoria *de bolsas para a realización de estudos de posgrao en universidades e centros superiores de investigación de países da Unión Europea, para o curso 2004/2005 ou 2005/2006*, a persoa beneficiaria declara que, no caso de non execución do obxecto da bolsa, se compromete a reintegrarlle ao Parlamento de Galicia as cantidades percibidas.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do 2005

(sinatura da persoa beneficiaria)

FOLLA 3  
MODELO RESUMO DO EXPEDIENTE ACADÉMICO

CUBRIR NOS CADROS CORRESPONDENTES COS DATOS DO EXPEDIENTE  
ACADÉMICO DE ACORDO CO EXPOSTO NA:

FOLLA 3.1 PLAN NON RENOVADO

CUALIFICACIONES	Nº DE MATERIAS	Nº DE CRÉDITOS
Matrículas de Honor		
Sobresalientes		
Notables		
Aprobados		
TOTAL		

FOLLA 3.2 PLAN RENOVADO

CUALIFICACIONES	Nº DE CRÉDITOS
Matrículas de Honor	
Sobresalientes	
Notables	
Aprobados	
TOTAL	

FOLLA 3.3 ERASMUS

CUALIFICACIONES	Nº DE MATERIAS	Nº DE CRÉDITOS
Matrículas de Honor		
Sobresalientes		
Notables		
Aprobados		
TOTAL		

FOLLA 3.4 EXPEDIENTE CENTRO ESTRANXEIRO

CUALIFICACIONES	Nº DE MATERIAS
Matrículas de Honor	
Sobresalientes	
Notables	
Aprobados	
TOTAL	

**FOLLA 3.1**  
**PLANS NON RENOVADOS (materias sen créditos)**  
**RELACIÓN DE MATERIAS E CUALIFICACIONES**

(\*Cubrir a columna de créditos só se se ten un expediente académico mixto, con materias sen créditos e con créditos)

**FOLLA 3.2**  
**PLANS RENOVADOS (materias con créditos)**  
**RELACIÓN DE MATERIAS E CUALIFICACIONES**

**FOLLA 3.3  
ERASMUS**  
**RELACIÓN DE MATERIAS E CUALIFICACIONES**

**FOLLA 3.4**  
**EXPEDIENTE DO CENTRO ESTRANXEIRO**  
**RELACIÓN DE MATERIAS E CUALIFICACIÓN**

## FOLLA 4

**MODELO DE RENUNCIA Á PERCEPCIÓN DA BOLSA**

Don/Dona \_\_\_\_\_ DNI/NIF \_\_\_\_\_  
Domicilio na rúa \_\_\_\_\_ CP \_\_\_\_\_ Localidade \_\_\_\_\_  
Provincia \_\_\_\_\_

Declara que, en cumprimento co establecido na base quinta.2) da convocatoria *de bolsas para a realización de estudos de posgrao en universidades e centros superiores de investigación de países da Unión Europea, para o curso 2004/2005 ou 2005/2006*, **manifesta a súa vontade de renunciar** á percepción da bolsa que lle foi outorgada polo Parlamento de Galicia, a partir do \_\_\_\_\_, motivada nas seguintes razóns:

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

O que comunica para os efectos oportunos, e asina a presente renuncia.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do 2005

(sinatura da persoa interesada)

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA  
ESTRUCTURA

1. PROCEDIMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

- 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
- 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIONES DE LEI
- 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS

2. PROCEDIMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

- 2.1 INVESTIDURA
- 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
- 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA

3. PROCEDIMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

- 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIONES DA XUNTA CON FORZA DE LEI
- 3.2 COMUNICACIONES DA XUNTA DE GALICIA
- 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
- 3.4 ACORDOS, RESOLUCIONES OU PROPOSTAS DE COMISIÓN ESPECIAL OU DE INVESTIGACIÓN
- 3.5 MOCIONES
- 3.6 PROPOSICIONES NON DE LEI
  - 3.6.1 PROPOSICIONES NON DE LEI EN PLENO
  - 3.6.2 PROPOSICIONES NON DE LEI EN COMISIÓN
- 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
- 3.8 PROCEDIMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

4. PROCEDIMENTOS DE INFORMACIÓN

- 4.1 SOLICITUDES DE COMPARCENCIA
- 4.2 INTERPELACIONES
- 4.3 PREGUNTAS
- 4.4 RESPUESTAS A PREGUNTAS
- 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS

5. PROCEDIMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIONES E ÓRGANOS

- 5.1 SOLICITUDE AO GOBIERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
- 5.2 PROCEDIMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
- 5.3 VALEDOR DO POBLO
- 5.4 CONSELLO DE CONTAS
- 5.5 OUTRAS INSTITUCIONES E ÓRGANOS

6. ELECCIONES, DESIGNACIONES E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO

- 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
- 6.2 VALEDOR DO POBLO E VICEVALEDORES
- 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
- 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
- 6.5 VOCALIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
- 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RÁDIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
- 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RÁDIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
- 6.8 VOCALIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
- 6.9 VOCALIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
- 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIONES DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
- 6.11 OUTRAS ELECCIONES, DESIGNACIONES OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO

7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBIERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMIENTO

- 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
- 7.2 RÉXIME E GOBIERNO INTERIOR
- 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMIENTO DO PARLAMENTO

8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA

- 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMIENTO DOS SERVICIOS DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
- 8.2 PERSONAL
- 8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA

9. INFORMACIONES E CORRECCIONES DE ERROS

- 9.1 INFORMACIONES
- 9.2 CORRECCIONES DE ERROS



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hóreiro, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.  
Ronda de Outeiro, 1-3. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727